

## CONVENIO ENTRE A AXENCIA INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA (INEGA) E O CLÚSTER DA BIOMASA DE GALICIA PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN, IMPULSO E DIFUSIÓN DO SECTOR DA BIOMASA EN GALICIA

### REUNIDOS

En Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

Dunha parte, Pablo Fernández Vila, en nome e representación da Axencia Instituto Enerxético de Galicia, en adiante INEGA, con domicilio na rúa Avelino Pousa Antelo, nº 5, 15703- Santiago de Compostela, e na súa calidade de director deste, cargo para o que foi nomeado polo Decreto 95/2022, do 9 de xuño, facendo uso das facultades do seu cargo e das que lle foron conferidas en virtude das atribucións que lle confire a Resolución do 10 de marzo de 2017 pola que se delegan competencias atribuídas á persoa titular da Presidencia da axencia Inega (DOG núm. 60, do 27 de marzo).

Doutra parte, Rubén Mosquera Rodríguez, con DNI 76747836X, en calidade de presidente da Asociación Clúster da Biomasa de Galicia, inscrita no Rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia con nº 2021/024593-1, con domicilio social en Parque Tecnolóxico de Galicia Tecnópole, Avenida de Galicia nº 5, código postal 32901 San Cibrao das Viñas, Ourense, NIF G42965343, debidamente autorizado por nomeamento da Asemblea Xeral de socios do Clúster do 10 de xullo de 2025.

En virtude das competencias que lles corresponden, recoñécense reciprocamente capacidade e lexitimación suficiente para formalizar o presente convenio e,

### EXPOÑEN

**Primeiro.-** Que o Inega é unha entidade instrumental do sector público autonómico con personalidade xurídica e patrimonio de seu para o cumprimento dos seus fins que se constitúe en Axencia por Decreto 142/2016, do 22 de setembro, mantendo a súa adscripción a Consellería competente en materia de enerxía, conforme ao establecido na Lei 3/1999, do 11 de marzo e entre os seus fins están "o fomento, impulso e realización de iniciativas e programas de actuación para a investigación, o estudo e o apoio das actuacións de coñecemento, desenvolvemento e aplicación das tecnoloxías enerxéticas, incluídas as renovables, a mellora do aforro e a eficiencia enerxética, o fomento do uso racional das enerxías e, en xeral, a óptima xestión dos recursos



enerxéticos dos distintos sectores económicos de Galicia, así como a participación na xestión e prestación, se é o caso, de servizos noutros campos sinérxicos ao enerxético, de acordo coas directrices do goberno no ámbito das súas competencias".

Que para o exercicio axeitado das súas funcións, o Inega pode establecer convenios e contratos con institucións públicas ou privadas, así como colaborar con outras Administracións para favorecer a adopción de medidas de aforro, de racionalización na produción, distribución e subministración de enerxía (art. 5 da Lei 3/1999).

**Segundo.-** Que o Clúster da Biomasa de Galicia constitúese ao amparo da Lei orgánica 1/2002 do 22 de marzo reguladora do Dereito de Asociación, sendo os seus fins dar resposta aos retos do sector e impulsar o uso das enerxías renovables, ademais de identificar as necesidades que contribúan á diversificación do sector enerxético en Galicia, a través de proxectos de cooperación público-privados.

**Terceiro.-** Que as partes consideran de mutuo interese para o cumprimento das súas respectivas funcións establecer fórmulas de colaboración para lograr un desenvolvemento sostible e de mitigación do cambio climático a través da transformación dos actuais modelos enerxéticos para consolidar unha economía baixa en carbono. O uso da biomasa constitúe un elemento esencial na loita contra o cambio climático e no logro dun desenvolvemento sostible a escala local.

A necesidades de avaliar e aproveitar o potencial da Biomasa en Galicia como fonte de enerxía renovable.

A oportunidade de promover desde o ámbito local a xeración e autoconsumo de enerxía para acadar impactos positivos sobre a sociedade permitindo a diversificación da actividade produtiva, e o aforro na factura enerxética dos consumidores sexan particulares ou empresariais.

Que ambas entidades dada a confluencia de intereses comúns, están interesadas en levar a cabo unha colaboración a longo prazo para impulsar o desenvolvemento do sector da Biomasa de Galicia a través dun marco de traballo participativo que contemple un conxunto de actuacións que favorezan a mellora competitiva do sector e impacten de maneira directa na mellora das condicións de vida dos galegos.

En virtude do exposto, e recoñecéndose ambas partes na representación que ostentan capacidade suficiente, acordan asinar un convenio de colaboración de acordo coas seguintes

## CLÁUSULAS

### Primeira.- Obxecto



O presente convenio ten por obxecto materializar a colaboración entre as partes para o deseño e posta en marcha dunha serie de accións que permitan desenvolver e consolidar ao sector e impacten de maneira significativa na mellora da calidade de vida dos habitantes de Galicia, así como na competitividade das empresas galegas facilitando a súa necesaria transformación dixital e ecolóxica, mediante o fomento do uso da biomasa local, potenciando a autosuficiencia Enerxética.

Esta colaboración entre o Clúster e INEGA permitirá, principalmente, cumprir os seguintes obxectivos específicos:

- Desenvolver actuacións conxuntas que permitan garantir a consecución dos retos e obxectivos do sector, identificando fontes de financiamento autonómicas, estatais e europeas que impulsen iniciativas estratéxicas no ámbito da biomasa en Galicia.
- Impulsar accións participativas que integren aos principais axentes do ecosistema da biomasa en Galicia, favorecendo a colaboración, o intercambio de coñecemento e o desenvolvemento de proxectos conxuntos.
- Apoiar con información técnica e sectorial as iniciativas privadas que desexen impulsar proxectos vencelladas a valorización da BIOMASA como fonte de enerxía renovable e autóctona con impacto no medio.
- Potenciar o ecosistema da bioenerxía en Galicia, favorecendo a súa implantación no territorio e contribuíndo aos obxectivos de transición enerxética, descarbonización e redución do uso de combustibles fósiles.
- Mellorar o grao de autonomía enerxética da poboación e do tecido empresarial galego, promovendo solucións baseadas en recursos locais e sostibles.
- Explorar e promover vías de financiamento para o impulso de proxectos estratéxicos de interese común para ambas partes no sector da biomasa.
- Reforzar as accións de comunicación, sensibilización e divulgación en materia de bioenerxía, mellorando o coñecemento social sobre a biomasa e as súas aplicacións reais.
- Favorecer a xeración, organización e difusión de información estruturada do sector, mediante ferramentas como o Observatorio da Biomasa e o catálogo de capacidades industriais.

Durante a vixencia do convenio desenvolveranse un conxunto de actuacións cuxo alcance e orzamento se definen no Anexo I.

## Segunda.- Compromisos do Inega



1. Facilitar o asesoramento técnico e colaboración que sexa necesaria para a elaboración dos contidos destas actuacións.
2. Financiar o 90 % das actividades obxecto deste convenio establecidas na cláusula terceira, cuxo alcance e orzamento se definen no Anexo I.
3. Informar ao Clúster da Biomasa de Galicia sobre as diferentes liñas de axudas en materia de bioenerxía convocadas polo Inega.
4. Calquera outra función que resulte de mutua conveniencia por razón do obxecto do convenio.

### **Terceira.- Compromisos do Clúster**

1. Actualización dos contidos e deseño gráfico e visual do Observatorio Galego da Biomasa, segundo o alcance e orzamento definido no Anexo I.
2. Actividades de difusión e comunicación, segundo o alcance e orzamento definido no Anexo I.
3. Mantemento , mellora e difusión do catálogo de capacidades industriais da enerxía da biomasa en Galicia, segundo o alcance e orzamento definido no Anexo I.

### **Cuarta.- Contía da achega**

O orzamento para a execución das actuacións previstas no presente convenio é de 50.000 €.

A contribución do INEGA ascenderá o 90% do importe conveniado, corenta e cinco mil euros (45.000,00 €) con cargo á partida orzamentaria 09.A3.733A.641.1 do seu orzamento de gastos para o ano 2026.

### **Quinta.- Xustificación e pagamento**

Os traballos obxecto do presente convenio estarán executados e entregados ao Inega antes do día 1 de decembro de 2026.

Os pagamentos faranse efectivos contra certificacións da intervención ou órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi suscrito o presente convenio acompañada das facturas e demais documentos de valor probatorio equivalentes con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, que serán presentados de forma acompañada coa execución.

A data límite para a xustificación do último pagamento será o 1 de decembro de 2026.



O Clúster achegará ademais a seguinte documentación:

- Unha certificación expedida pola entidade bancaria da titularidade da conta bancaria do Clúster onde debe realizarse o pagamento, na que conste: IBAN, ordinal bancario, código do banco, código de sucursal e código de conta corrente.
- Certificacións expedidas polas respectivas Administracións Públicas, que acrediten que se está ao corrente das obrigas tributarias e da Seguridade Social, así como a acreditación de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración Pública da Comunidade Autónoma, no suposto de oposición á súa consulta.

O Inega reservará para si o dereito de solicitar toda a documentación que se considere precisa con relación á xustificación dos respectivos gastos.

#### **Sexta.- Propiedade Intelectual**

A propiedade intelectual e material dos traballos que resulten deste convenio será conxunta do Inega e do Clúster. A información que se obteña, os resultados das investigacións e o seu alcance poderán ser difundidos con autorización expresa do Clúster e do Inega deixando constancia nas publicacións da participación de cada unha delas. En toda a documentación ou documento relacionado co presente convenio producido en forma unilateral, farase constar a colaboración prestada polo outro membro sen que isto signifique responsabilidade algunha, respecto do contido da publicación ou documento.

#### **Sétima.- Relacións laborais**

A subscrición do presente convenio non implica relación laboral contractual ou de calquera tipo, entre os profesionais que desenvolveron as actividades e a Xunta de Galicia, de tal modo que non se lle poderá esixir ningunha responsabilidade, directa, nin indirecta, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos durante a execución das actuacións e/ou a vixencia do presente convenio de colaboración.

#### **Oitava.- Vixencia**

O presente convenio entrará en vigor o día seguinte ao da súa sinatura, a súa vixencia rematará o 31 de decembro de 2026, con retroacción dos seus efectos, a fin de amparar as actuacións realizadas desde o 1 de xuño de 2026.

#### **Novena.- Comisión de seguimento**



Para o seguimento e cumprimento do estipulado, constituirase unha comisión de seguimento e control formada por un representante do INEGA, que presidirá a mesma e terá voto de calidade, e outro do Clúster e que terá como misión:

- Velar pola correcta aplicación e desenvolvemento do convenio.
- Definir o alcance exacto das actuacións específicas a realizar en desenvolvemento do convenio.
- Informar e presentar propostas sobre a marcha e necesidades dos proxectos e actuacións que se aborden.

O funcionamento da Comisión de Seguimento farase ao abeiro do réxime xurídico dos órganos colexiados contido na sección III, capítulo I do título I (artigos 15 e seguintes) da Lei 16/2010 do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia.

#### **Décima.- Protección de datos**

As partes están obrigadas a cumprir coas normas sobre a protección de datos de carácter persoal, en concreto, co disposto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, e polo que se derroga a Directiva 95/45/CE.

#### **Décimo primeira.- Publicidade**

En canto á publicidade, procederá de conformidade co mandato da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia e no Decreto 132/2006 do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

Os asinantes manifestan o seu consentimento ou autorización para que os seus datos persoais que constan no presente convenio e mailo resto das especificacións contidas no mesmo, podan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto e resto de Rexistros Públicos que proceda.

#### **Décimo segunda.- Causas de resolución**

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.



Considéranse causas de resolución as seguintes:

- a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio.
- b) O acordo unánime de todos os asinantes.
- c) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes. Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requirimento para que cumpra nun prazo de 10 días hábiles coas obrigas ou compromisos que se consideren incumpridos. Este requirimento será comunicado á Comisión de Seguimento do convenio e ás demais partes asinantes. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio.
- d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- e) Introducción de modificacións substanciais cando a Comisión de Seguimento non acorde a proposta dunha modificación do Convenio.
- f) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

Se cando conorra calquera das causas de resolución do convenio existen actuacións en curso de execución, as partes, a proposta da Comisión de Seguimento do convenio, acordarán a continuación e finalización das actuacións en curso que consideren oportunas, establecendo un prazo improrrogable para a súa finalización, transcorrido o cal deberá realizarse a liquidación das mesmas.

### **Décimo terceira.- Natureza e réxime xurídico**

O presente convenio ten natureza administrativa, quedando fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público; sen prexuízo da aplicación dos principios e criterios da devandita Lei para resolver as dúbidas ou lagoas que puidesen presentar.

Este convenio o ter carácter administrativo todas as diferenzas que poidan xurdir entre o Inega e o Clúster, en relación coas cuestións controvertidas non resoltas no seno da comisión de seguimento, someteranse ao coñecemento da xurisdición contencioso-administrativa.

O presente convenio rexerese polas súas cláusulas e polo Acordo do Consello da Xunta do 27 de marzo de 1991, publicado por Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de Abril de 1991, sobre convenios de colaboración con outros entes públicos e con particulares, así como polas disposicións que en materia de convenios



se recollen na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

E en proba de conformidade, asínase o presente convenio, no lugar indicado ao comezo.

Polo Inega  
Pablo Fernández Vila  
Por Resolución do 10/03/2017 de  
delegación de competencias da  
Presidencia da Axencia (DOG  
27/03/2017)

Pola Asociación Clúster Biomasa de Galicia,  
Rubén Mosquera Rodríguez



## ANEXO I. Memoria económica

### ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN, IMPULSO E DIFUSIÓN DO SECTOR DA BIOMASA EN GALICIA 2026

Concepto	Orzamento 2026	Aportación INEGA	Aportación Clúster
1. Nova Web do Observatorio de Biomasa e migración dos contidos.	18.000,00 €	16.200 €	1.800,00 €
2. Actividades de difusión e comunicación	27.000,00 €	24.300 €	2.700,00 €
3. Mantemento, mellora e difusión do catálogo de capacidades industriais da enerxía da biomasa en Galicia. Inclusión no Observatorio	5.000,00 €	4.500 €	500,00 €
<b>TOTAL</b>	<b>50.000,00 €</b>	<b>45.000,00 €</b>	<b>5.000,00 €</b>



## 1. Nova Web do Observatorio de Biomasa e migración dos contidos

Co obxectivo de mellorar a accesibilidade, usabilidade, actualización e capacidade de explotación da información dispoñible sobre o sector da biomasa en Galicia, propónse o desenvolvemento dunha nova web do Observatorio da Biomasa de Galicia, que substitúa a actual plataforma e permita dispoñer dunha ferramenta dixital máis moderna, interoperable, escalable e adaptada ás necesidades dos diferentes perfís de usuario.

Esta nova plataforma concíbese como unha infraestrutura dixital de carácter estratéxico, orientada á información, análise e difusión do sector, aliñada cos criterios de identidade corporativa, arquitectura da información, accesibilidade, interoperabilidade e servizo público establecidos pola Xunta de Galicia e polo INEGA.

Para o desenvolvemento desta actuación levaranse a cabo as seguintes accións:

- a) **Deseño e desenvolvemento dunha nova plataforma web**, cunha arquitectura da información renovada e orientada ao usuario, baseada en criterios de usabilidade, accesibilidade (WCAG), adaptación multidispositivo (responsive design), flexibilidade na xestión dos contidos e cumprimento dos estándares técnicos e de identidade dixital da Xunta de Galicia.
- b) **Migración, revisión e actualización dos contidos existentes**, mediante procesos de auditoría, depuración, reorganización e normalización da información, co fin de garantir a súa coherencia, calidade e aliñamento coas fontes oficiais e coas plataformas institucionais de referencia no ámbito da biomasa e da enerxía en Galicia.
- c) **Recompilación, tratamento e integración de novos datos e contidos**, estruturados segundo modelos normalizados que faciliten a súa explotación, análise, visualización e reutilización, reforzando o papel do Observatorio como ferramenta de coñecemento sectorial e apoio á toma de decisións.
- d) **Incorporación de novas funcionalidades e recursos dixitais**, tales como sistemas de visualización de datos, repositorios documentais estruturados, buscadores avanzados, filtros temáticos, módulos de consulta e outros elementos interactivos orientados a facilitar o acceso, consulta e análise da información por parte dos distintos públicos obxectivo.
- e) **Análise e seguimento continuado das tendencias do sector da biomasa**, incluíndo a monitorización de indicadores clave, a evolución normativa, os avances tecnolóxicos e as dinámicas de mercado, co fin de garantir a actualización permanente dos contidos e consolidar o valor do Observatorio como ferramenta útil para o sector e para a administración.





- f) **Xeración, actualización e publicación periódica de contidos**, incluíndo informes técnicos, artigos especializados, noticias e materiais divulgativos, garantindo a súa coherencia coa estratexia de comunicación institucional e reforzando o papel do Observatorio como canle oficial de información e transferencia de coñecemento no ámbito da biomasa en Galicia.

## 2. Actividades de difusión e comunicación

Co obxectivo de reforzar a visibilidade, comprensión e posición da biomasa como fonte de enerxía en Galicia, propónse o desenvolvemento dunha **estratexia integral de comunicación e divulgación**, estruturada en diferentes liñas complementarias orientadas á xeración de contidos, á posta en valor de casos reais no territorio e á mellora do coñecemento social do sector.

Esta estratexia combina accións de comunicación dixital, iniciativas de visibilización no territorio e accións de carácter institucional, co fin de maximizar o impacto das políticas públicas de impulso á biomasa.

Para o desenvolvemento desta actuación levaranse a cabo as seguintes actividades:

### a. Posicionamento e ampliación da campaña de comunicación "Este edificio quéntase con biomasa"

Dende o Clúster da Biomasa de Galicia levarase a cabo o desenvolvemento e execución dunha versión ampliada da campaña "Este edificio quéntase con biomasa", incorporando unha liña de actuación orientada á identificación, acreditación e visibilización de instalacións de biomasa en funcionamento en Galicia.

Esta nova orientación céntrase na posta en valor de instalacións de referencia no territorio, mediante o desenvolvemento dun distintivo identificativo e a súa visibilización pública, avanzando cara a un modelo de comunicación baseado en casos reais.

Esta actuación estrutúrase como un programa que combina:

- a implantación de elementos físicos de recoñecemento (distintivos ou sinalización),
- a organización de accións de visibilización institucional.
- a xeración de contidos dixitais (web, redes sociais e materiais divulgativos),

Para o desenvolvemento desta actuación levaranse a cabo as seguintes accións:

- Definición de criterios técnicos e metodolóxicos para a selección de instalacións
- Identificación e validación de instalacións que utilicen biomasa en Galicia



- Implantación do distintivo nas instalacións acreditadas
- Definición de criterios de identificación e selección de instalacións representativas
- Deseño e desenvolvemento dun distintivo identificativo para edificios que empregan biomasa
- Identificación, validación e documentación de casos reais
- Xeración de contidos asociados ás instalacións recoñecidas
- Sinalización e difusión das instalacións no territorio

Deste modo, búscase reforzar o impacto da campaña mediante:

- a visibilización de casos reais e próximos á cidadanía;
- a creación de referentes replicables en distintos ámbitos;
- a xeración de puntos de comunicación no territorio;
- o reforzo da posición da biomasa como solución enerxética xa implantada, eficiente e sostible;
- a amplificación do impacto a través de accións institucionais e mediáticas.

A campaña desenvolverase en coherencia coa estratexia de comunicación do INEGA, garantindo a súa adaptación a diferentes formatos, públicos obxectivo e canles, así como a súa continuidade e escalabilidade no tempo.

### **b. Organización dun evento final de recoñecemento institucional**

No marco do desenvolvemento da campaña "Este edificio quéntase con biomasa", levarase a cabo a organización dun evento de recoñecemento institucional, orientado á presentación pública da iniciativa e á posta en valor do uso da biomasa en Galicia.

Este evento configúrase como unha acción de entrega dos distintivos da campaña, permitindo dar a coñecer publicamente a iniciativa, presentar os seus obxectivos e liñas de actuación levadas a cabo, destacando a participación das entidades e instalacións no territorio.

Así mesmo, permitirá xerar un impacto institucional e mediático que poña en valor os resultados da campaña favorecendo a súa continuidade, así como a difusión progresiva dos seus resultados ao longo do tempo.

Neste contexto, o evento contribuirá tamén a poñer en valor o papel do Clúster da Biomasa de Galicia como axente dinamizador do sector, o INEGA como entidade impulsora das políticas públicas enerxéticas, e as instalacións participantes como exemplos de boas prácticas no uso da biomasa en Galicia.



Para o desenvolvemento desta actuación levaranse a cabo diferentes tarefas orientadas á planificación, execución e difusión do evento, entre as que se inclúen:

- A definición do formato, contido e alcance do evento, en coherencia coa campaña
- A coordinación co INEGA e coas entidades participantes
- A selección da localización e a xestión loxística necesaria para a súa correcta execución
- O deseño e produción de materiais asociados á campaña e ao evento (convocatorias, soportes gráficos, elementos identificativos, etc.)
- A organización e desenvolvemento do acto institucional
- A cobertura e difusión do evento a través de medios de comunicación e canles dixitais

Co desenvolvemento desta actuación preténdese:

- Dar visibilidade á campaña “Este edificio quéntase con biomasa”
- Recoñecer publicamente ás instalacións acreditadas
- Poñer en valor casos reais de uso da biomasa no territorio galego
- Reforzar a posición da biomasa como solución enerxética sostible
- Poñer en valor o papel do Clúster da Biomasa de Galicia e do INEGA no

impulso do sector

- Xerar impacto mediático e amplificar o alcance da campaña

Como peche desta actuación, o evento contribuirá á consolidación da campaña “Este edificio quéntase con biomasa” como unha ferramenta de referencia para a comunicación e sensibilización no ámbito enerxético, reforzando a visibilidade do uso da biomasa en Galicia e a súa consideración como unha solución eficiente, sostible e xa implantada no territorio. Así mesmo, permitirá poñer en valor casos reais e boas prácticas, ao tempo que reforza a posición do Clúster da Biomasa de Galicia e do INEGA como axentes clave no impulso das políticas públicas e na dinamización do sector.

### **c. Deseño e desenvolvemento dunha campaña divulgativa sobre “Mitos e realidades da biomasa”**

O Clúster da Biomasa de Galicia desenvolverá unha campaña divulgativa específica orientada á identificación, análise e corrección de percepcións erróneas sobre a biomasa, co obxectivo de mellorar o coñecemento social e reforzar a confianza nesta fonte de enerxía.

Esta actuación enmárcase dentro da estratexia global de comunicación,



complementando as accións de visibilización no territorio mediante unha liña específica de sensibilización baseada en contidos rigorosos e accesibles.

Para o desenvolvemento desta campaña levaranse a cabo as seguintes accións:

- Identificación e priorización dos principais mitos e percepcións erróneas
- Elaboración de contidos explicativos claros, didácticos e baseados en evidencias
- Adaptación das mensaxes aos diferentes públicos obxectivo
- Desenvolvemento de materiais en distintos formatos (gráficos, audiovisuais e dixitais)
- Difusión a través de canles dixitais e medios de comunicación

Deste modo, a campaña contribuirá a:

- mellorar o nivel de información da cidadanía sobre a biomasa;
- combater a desinformación e os prexuízos asociados ao seu uso;
- reforzar a percepción da biomasa como unha solución enerxética sostible, eficiente e baseada no aproveitamento responsable dos recursos forestais.
- reforzar a percepción da biomasa como unha solución enerxética sostible, eficiente e baseada no aproveitamento responsable dos recursos forestais.

### **3. Mantemento, mellora e difusión do catálogo de capacidades industriais da enerxía da biomasa en Galicia. Inclusión no Observatorio da Biomasa de Galicia.**

Co obxectivo de consolidar o catálogo de capacidades industriais da enerxía da biomasa en Galicia como unha ferramenta dixital de referencia para a identificación, análise e visibilización do ecosistema do sector, propónse o desenvolvemento dun conxunto de actuacións orientadas ao seu mantemento, mellora continua e difusión activa, así como á súa integración na nova web do Observatorio da Biomasa de Galicia.

Estas actuacións permitirán evolucionar o catálogo cara a un modelo dinámico e actualizado, garantindo a calidade da información, a incorporación de novos axentes e capacidades, e a súa utilización como ferramenta de apoio á toma de decisións, á xeración de oportunidades de colaboración e á proxección do sector.

Para o desenvolvemento desta acción levaranse a cabo as seguintes actividades:

- a. Actualización e mantemento continuo do catálogo**, incorporando novos axentes (empresas, entidades, grupos de investigación e proxectos) e revisando periodicamente a información existente para garantir a súa





calidade e actualización.

- b. **Mellora da estrutura e dos contidos do catálogo**, optimizando a organización da información, ampliando os datos recollidos sobre capacidades, servizos, innovación e proxectos, e adaptando os contidos a formatos máis accesibles e visuais que faciliten a súa consulta por parte dos diferentes perfís de usuario.
- c. **Integración do catálogo na nova web do Observatorio da Biomasa**, permitindo a súa consulta en formato dixital estruturado, cun acceso organizado e coherente co resto de contidos da plataforma, e favorecendo a súa maior difusión e visibilidade ao integrarse nunha web institucional da Xunta de Galicia, ampliando o seu alcance e accesibilidade para os distintos públicos obxectivo.
- d. **Difusión do catálogo a través das canles dixitais**, incluíndo a web, redes sociais e outros soportes de comunicación, co obxectivo de incrementar a súa visibilidade e fomentar o seu uso por parte do sector.
- e. **Xeración de contidos asociados ao catálogo**, tales como destacamentos de empresas, capacidades ou proxectos, que permitan dinamizar a súa comunicación e reforzar o coñecemento do ecosistema da biomasa.
- f. **Recompilación e análise continua de información do sector**, mediante a identificación, recollida e tratamento de datos relevantes sobre a cadea de valor da biomasa, que permita manter actualizado o catálogo, incorporar novas capacidades e axentes, e garantir a súa adaptación á evolución do sector e ás necesidades dos distintos usuarios.

